




Deputación
DA CORUÑA

Nº 73
16/01/2019

Boletín de Medio Ambiente



Observatorio Ornitológico de Souto

Concello: Paderne

Descrición: Dende este lugar pódese disfrutar dunha fermosa panorámica da ría de Betanzos. As marismas da ría conforman unha ampla braña con abundantes zonas de lodo que son elixidas por cuantiosas aves migratorias.

Aves: Andoriñas, cirrios, avelaionas e bufos, ademais de azores, tartarañas e patos.

Noticias

A Xunta activa unha oficina técnica para combater o cambio climático

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, activa a Oficina técnica do pacto dos alcaldes para combater o cambio climático.

Esta Oficina será un interlocutor directo cos concellos, un instrumento co que se apoiará ás entidades locais para que coñezan o marco regulador, legislativo e económico, con asesoramento personalizado para cada caso e identificando posibles sinerxias, todo iso para dar cumprimento aos obxectivos europeos para o ano 2030.

Fonte: Xunta de Galicia

O picudo vermello mata a palmeira catalogada de Oleiros

A praga do picudo vermello que arrasou con prácticamente todas as palmeiras da provincia de Pontevedra e que acaba de chegar ao municipio da Coruña, xa se instalou tamén en Oleiros. Unha das vítimas deste insecto voraz é o icónico exemplar da Casa das Chinchillas, a señorial vivenda xunto ao viaduto da Pasaxe. Tanto o edificio, orixinalmente de 1880, como a palmeira, están catalogados no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). O exemplar de *phoenix canariensis*, palmeira canaria, que segundo a propietaria plantouse cando se fixo a casa, fai por tanto máis de 130 anos, está "totalmente morto".

Fonte: Opinión de Coruña

Deixa de fumar, polo menos polo planeta

A planta do tabaco necesita grandes cantidades de produtos químicos e reguladores do crecemento, o que resulta nocivo para o medio ambiente, empobrece o chan e prexudica a saúde dos granxeiros locais de países subdesarrollados.

O cultivo de tabaco tamén conduce á deforestación. Estímase que se necesitan 11,4 toneladas métricas ao ano de bosque para o curado das follas de tabaco. Aínda se necesita máis para o empaquetado e o papel de cada cigarro.

Ademais, ata dous terzos das cabichas acaban no medio ambiente, o que se denomina tabaco de cuarta man. Destas cabichas son un problema os residuos tóxicos e os produtos químicos tóxicos que conteñen, que acaban como lixo que termina nas rúas, desaugadoiros, a auga ou o mar.

Fonte: 20 Minutos

Un hotel niño para durmir e facer turismo ornitolóxico en Carnota

Niños de Carnota está formado por seis habitacións, cada unha dedicada a un paxaro da zona e, por tanto, a súa decoración interior axústase ás cores da ave elixida.

Tamén é un lugar para a divulgación e o encontro. Os hóspedes poderán gozar de charlas sobre ornitoxía a cargo dun experto e da realización de roteiros para o descubrimento de aves. Crearon seis percorridos que chegan ata Fisterra, Muxía e Carnota. Todo o establecemento, que conta cunha terraza, unha zona verde e unha cafetería, está pensado en dar a coñecer as aves máis características da Costa da Morte.

Fonte: La Voz de Galicia

A educación ambiental está en perigo de extinción

Unha profesora de Infantil pediu aos seus alumnos que debuxasen un coello. Case todos pintaron a *Bugs Bunny*. Houbo un neno que fixo un coello «de verdade». Os demais riron del porque dicían que o seu coello «era feo». En realidade, a maioría destes pequenos urbanitas non vira un coello real na súa vida.

Nas escolas españolas están de moda o TIC, a Robótica e a programación de videoxogos, pero a educación ambiental vai camiño de desaparecer.

«Coa Logse [...] tiña moito peso e estaba de forma transversal nas materias. Agora está presente nalgúns colexios pero depende da vontade dos docentes [...]», explica Federico García, responsable de Educación Ambiental de *SÉ/BirdLife*.

Esta ONG traballa nun proxecto de «naturalización do currículo» e hai un ano promoveu unha petición ao Congreso apoiada por outras 70 organizacións para promover a educación ambiental, non só de forma transversal senón tamén cunha materia.

Fonte: El Mundo

Sabías que...

o Polo norte magnético da Terra está a afastarse de Canadá en dirección cara a Siberia?

O Polo norte magnético está a moverse tan rápido que obrigou aos expertos a avanzar a actualización dos seus datos. Desde 1995, o desprazamento aumentou a súa velocidade, desde ao redor de 15 quilómetros por ano ata ao redor de 55 quilómetros por ano.

Boas Prácticas

Plásticos reciclados que fan a vida máis fácil a discapacitados

Alumnos e educadores da CEE Nosa Señora de Lourdes-Aspronaga, recolleron plásticos tirados en praias, ríos e distintos espazos naturais para transformalos no seu taller, coa axuda dunha impresora 3D, en instrumentos útiles para persoas con discapacidade.

Con plásticos tipo PET fabrican instrumentos ortopédicos sinxelos que axudan a persoas con algún tipo de discapacidade psíquica ou funcional a realizar actividades rutineiras na súa vida cotiá: soportes para lapis ou para agarrar unha culler, clasificadores de calcetíns, adaptadores para coller as chaves, perchas especiais...

Fonte: La Voz de Galicia

A USC está entre as 300 universidades do mundo con maior compromiso ambiental

Este ano, a USC escala posicións ata o posto 268 das 719 analizadas.

Os responsables da clasificación analizan o compromiso ambiental das institucións a través dunha serie de indicadores que teñen relación coa enerxía e o cambio climático, tratamento de residuos, programas de educación e investigación, accións en relación cos medios de transporte nos campus, configuración e infraestruturas e uso da auga, así como a información sobre o tamaño e o ámbito xeográfico no que se implanta cada universidade.

Fonte: La Voz de Galicia

Paradores 100% renovable

A histórica cadea española de hoteis de luxo *Paradores* anunciou que a partir deste ano usará unicamente enerxía producida a partir de fontes renovables nos seus 97 hoteis. Fundada en 1928, *Paradores* apoia o turismo sustentable e ten como obxectivo fomentar o aforro de enerxía e o consumo responsable.

A compañía aínda non ten previsto deixar de utilizar gas natural, considerado menos contaminante que algunhas das outras fontes tradicionalmente utilizadas polos hoteis, pero irá implantando paulatinamente en todas as súas instalacións a biomasa, actualmente usada en dous hoteis, e a enerxía xeotérmica, especialmente no seu establecemento de Tenerife.

Fonte: Ecoinventos

Axenda Ambiental

- Ata 27/01/2019 Protexe os bosques. Voluntariado WWF
- 30/01/2019 VIII Foro sobre a xestión dos residuos industriais. Madrid
- Ata 01/05/2019 VIDEOSFERA 2018, Concurso de videos en Reservas de Biosfera.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal